



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 14/01/2012.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Xosé López Gudín.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D^a Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e oito minutos do día catorce de xaneiro de dous mil doce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vintenove de novembro do pasado ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. ACORDO SOBRE FICHEIROS DE DATOS PERSOAIS.

Dase conta da proposta de creación dun novo ficheiro de datos de carácter persoal sometido ó establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, formulada pola Xunta de Galicia, concretamente no referido á recollida de datos para as actividades e programas de promoción do emprego que se veñen realizando por este Concello nos últimos anos. Dase conta tamén da información emitida en relación co asunto pola empresa RB Soluciones, contratada para a actualización e posta ó día destes ficheiros. Obra no expediente a ficha



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

compreensiva das características propostas para este novo ficheiro, que sería o número 12 dos do Concello, cos datos precisos para a súa identificación e correcto funcionamento.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- A creación do ficheiro de datos de carácter persoal nº 12 deste Concello, denominado "promoción do emprego", e ordear que se formule solicitude da súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

2º.- Ordear a publicación de anuncio referido ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ós efectos oportunos.

3º.- Ordear a comunicación do contido do presente acordo á Axencia Española de Protección de Datos coa brevidade posible.

TERCEIRO. MOCIÓN DO BNG SOBRE A ANULACIÓN DA TARXETA SANITARIA ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS E SEN RECURSOS ECONÓMICOS.

Dase conta da presentación da moción de que se trata con data do 25/11/2011, e o portavoz do BNG, Sr. Soto, toma a palabra para resumir o contido desa moción, que literalmente di:

"O día 9 de setembro de 2011 a Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza publicou no Diario Oficial unha orde na que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes e para as persoas desempregadas. Posteriormente remitiu aos centros de saúde un Protocolo de traballo para a posta en marcha da devandita Orde. Neste protocolo indícase: "Dende a entrada en vigor da Orde as persoas sen recursos que soliciten teñen dereito á atención de urxencias e emerxencias, polo que, ante á solicitude dunha atención urxente é necesario dar unha alta rápida no aplicativo con documentación acreditativa "PRIVADO", previa busca do cidadán na aplicación, sempre se lles entregará o modelo de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a man (mentres non estea preparado o modelo na aplicación) o seguinte texto: Persoas sen recursos económicos suficientes en tramitación. Só asistencia urxencia/emergencia."

Segundo se indica no texto literal reproducido, as persoas afectadas só teñen dereito, previo compromiso de pago, á atención de urxencias e emerxencias, é dicir, perden o dereito á sanidade pública universal, fican sen médico/a de cabeceira, sen probas diagnósticas nin especialistas, non teñen, en definitiva, asistencia sanitaria completa. Estas persoas quedan tamén sen a asistencia farmacéutica até que volvan a ter todos os papeis en regra para volver estar de alta.



O proceso de clasificación das persoas afectadas nunha nova categoría non pode conlevar a desactivación dos seus dereitos sanitarios e menos sen recibir información por parte do Goberno galego do que está a suceder.

Todas as persoas afectadas terán a obriga de solicitar unha tarxeta de persoas sen recursos mais esa solicitude pode tardar en aprobarse entre oito e dez meses, polo que durante todo ese tempo permanecerán sen asistencia gratuíta

Esta orde está totalmente inxustificada, é inhumana e desoladora, xa que vulnera os dereitos básicos da cidadanía e rompe os principios de universalidade e equidade da Sanidade Pública.

O goberno do PP na Xunta de Galiza está a levar adiante unha serie de medidas que pretenden a privatización e o desmantelamento da sanidade pública no noso país como demostra a redución de persoal sanitario mediante a non cobertura de baixas e xubilacións, a redución de consultas e actividade nos quirófanos na quenda de tarde, o incremento dos concertos privados, a entrada de capital privado no financiamento dos novos hospitais ou o recorte de 237 millóns de euros no orzamento da sanidade pública.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1. Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.
2. Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.
3. Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega."

O Sr. Márquez toma a palabra para manifestar a súa total conformidade coa proposta, indicando que a Xunta está a reducir os recursos dos cidadáns, especialmente dos menos favorecidos, aplicando así unha política sanitaria regresiva e incluso discriminatoria.

O Sr. López Loureiro interven de seguido manifestando tamén o seu acordo coa moción, no sentido de pedir á Xunta que rectifique, indicando que non cre que a vontade da Xunta fora a de privar a ninguén da asistencia sanitaria, e que non sabe de ningunha persoa que resultase afectada por esta medida. O Sr. Soto di que os sindicatos teñen moitas reclamacións presentadas por este motivo por persoas que xa están en trámites para a recuperación das súas tarxetas, e que esa é unha das razóns polas que se presentou esta moción en tódolos concellos, e insiste na idea de que é preocupante pola súa regresividade, xa que afecta ás persoas que están nunha situación peor. O Sr. López Loureiro di que o que cambiou foi a forma de tramitación das renovacións, aínda que é semellante á que existía con anterioridade.

O Sr. Alcalde toma a palabra brevemente para indicar que do que se trata é de reaccionar contra esta norma que establece unha serie de medidas regresivas que rompen co



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

principio da sanidade universal e gratuita consagrado dende hai anos, mentres se implantan medidas como a de cobrar dez euros pola tarxeta sanitaria ou pola súa renovación.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

CUARTO. ACORDOS SOBRE CREACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO E DELEGACIÓN DA SÚA XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dase conta do convenio marco aprobado pola Deputación Provincial para o uso compartido da súa sede electrónica por parte dos concellos da provincia, o que permitirá dispor dunha sede electrónica a concellos como o de San Sadurniño, cumprindo así as esixencias legalmente establecidas para tódalas administracións públicas. Dase conta tamén do acordo de encomenda de xestión que se asinaría coa Deputación para a tramitación dos necesarios certificados electrónicos. Tanto o convenio marco como o acordo da encomenda de xestión publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 235, do 13/12/2011.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos once membros do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, visto o Convenio marco de colaboración para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña polos concellos da provincia e o Acordo de encomenda de xestión entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- A creación da sede electrónica do concello de San Sadurniño, de titularidade municipal, cuxo enderezo electrónico de referencia será: "sede.sansadurnino.es" configurándose como unha subsede da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña ("sede.dicoruna.es") e que estará accesible para a cidadanía directamente a través do seu enderezo ou a través do enderezo desta última.

2º.- A delegación da xestión e administración da sede electrónica municipal e para tal fin, a adhesión ó convenio marco de colaboración aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinteoito de outubro de dous mil once, para a utilización compartida da súa sede electrónica.

3º.- Realizar todas as actuacións que resulten necesarias no ámbito das competencias municipais para dar cumprimento ós compromisos asumidos no devandito convenio e, en particular, adoptar o acordo de encomenda de xestión entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para tramitar as solicitudes de certificados electrónicos de emprego público, selo e sede electrónica, que resulta necesario para a aplicación do convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

4º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO. ACORDOS SOBRE ADXUDICACIÓN DA OBRA DE REHABILITACIÓN DO PAZO DA MARQUESA.

Dase conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato de execución das obras de "Rehabilitación do Pazo da Marquesa", mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, no que obra a acta da Mesa de Contratación de data do 23/12/2011, mediante a que se formula proposta de adxudicación en favor da empresa Copcisa, S.A., polo prezo de 500.256,96, IVE engadido, en base ás puntuacións asignadas, en aplicación do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares oportunamente aprobado, ás referencias técnicas dos licitadores, valoradas por un Comité de Expertos, e ás súas ofertas económicas. O asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa competente do Concello, antes da aprobación do expediente de contratación.

O Sr. Alcalde resume os aspectos principais do procedemento de adxudicación, indicando que os documentos de importancia nese procedemento están expostos ó público no perfil do contratante da páxina web do Concello.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que posto que a valoración que decidiu a adxudicación foi de carácter técnico, o resto do expediente é un pouco de trámite. Respecto á finalidade da contratación e o destino do edificio si que manifesta a súa discrepancia, xa exposta con anterioridade, porque entende que xa hai unha Casa do Concello que respoosta ás necesidades existentes e na que se gastaron moitos cartos, polo que pensa que o Pazo podería adicarse a outras finalidades.

O Sr. López Loureiro, que toma a palabra de seguido, di que o seu grupo non participou na definición do proxecto, co que non están moi de acordo, e pregunta cal vai ser o uso que se dará ó edificio no que ata agora ven funcionando o Concello.

O Sr. Soto interven para dicir que o proceso de adxudicación do contrato, baseado na actividade da Mesa de Contratación e na actuación dun Comité de Expertos constituído por arquitectos independentes, foi rápido, imparcial e totalmente correcto, e que suporá un coste de pouco máis de douscentos cincuenta euros de fondos propios. Con respecto ó destino do edificio, di que foi o PP, e concretamente o presidente da Deputación, quen propuxo que os cartos inicialmente destinados á compra do cine foran adicados ó acondicionamento do Pazo para as finalidades ás que se prevé destinalo. O Sr. López Loureiro acota que esa decisión xa estaba adoptada ó inicio desta lexislatura.

Fai uso da palabra o Sr. Alcalde, para indicar que a decisión sobre o destino do edificio foi pensada e consensuada, ademais de que era parte do programa electoral co que o BNG ganou as pasadas eleccións locais. Di que o PSOE foi o primeiro en propoñer a construción dunha nova Casa do Concello no seu programa para as eleccións do 2007, e que se trata dun investimento necesario para adaptar o Concello ós novos tempos, pero que o edificio actual non se abandonará e terá outros usos, tamén de carácter público. Finalmente indica que se



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

trata dun investimento de calidade e que suporá un estímulo á actividade económica da comarca, que está moi necesitada deles.

O Sr. Márquez di que non se chegou a acadar un consenso sobre os usos do edificio, alomenos nas xuntanzas nas que el estivo presente, senon que soamente se falou de posibles usos, sen acordos nin conclusións. O Sr. Alcalde discrepa, mantendo que alomenos se acordaron xenéricamente usos públicos de carácter administrativo e asistencial, reiterando a lexitimación acadada polo seu grupo nas urnas para a proposta que prantexaban en relación co Pazo. O Sr. Márquez enmarca a proposta do seu grupo para 2007 nunhas circunstancias sustancialmente distintas das actuais, decindo que é preciso adaptarse ós tempos, e que as cantidades das que se poderá dispoñer para esta obra non permitirán a súa conclusión. O Sr. Alcalde di que ata agora soamente foi preciso destinar 256 euros a esta finalidade, e o Sr. Soto pecha o debate lembrando que o edificio actual ten unhas características que dificultan a súa utilización para a prestación de servizos que se configuran como prioritarios de cara ó futuro, como os de carácter social, que deben ofertarse cunhas estrictas garantías de confidencialidade.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda:

1º.- Adxudicar á empresa Copcisa, S.A. o contrato para a execución das obras de "Rehabilitación do Pazo da Marquesa", polo prezo total de CINCOCENTOS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (500.256,96 euros), dos que corresponden 423.946,58 ó prezo e 76.310,38 ó IVE, por ser a súa oferta a que acadou a puntuación máis alta tras a valoración dos criterios indicados no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, segundo o indicado nas actas das sesións da Mesa de Contratación e do Comité de Expertos que valorou as referencias técnicas presentadas polos licitadores, que se poden consultar no Perfil do Contratante da páxina web deste Concello.

2º.- Ordear a notificación do presente acordo a tódalas empresas que participaron no procedemento de adxudicación de que se trata, e a súa publicación no Perfil do Contratante, coa indicación de que a totalidade da información necesaria ós efectos legalmente establecidos está a disposición dos interesados no Perfil do Contratante da páxina web deste Concello.

3º.- Ordear a realización dos trámites precisos para a sinatura do necesario contrato administrativo coa brevidade posible, especificando que xa foi presentada por Copcisa, S.A., a totalidade da documentación necesaria a tal finalidade.

4º.- Designar como director da obra, en cumprimento do establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares, ó arquitecto autor do proxecto, A. Iván Rivas Rico.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, tan amplamente como resulte preciso, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos e contratos precisos para a plena efectividade do presente acordo.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

URXENCIA. Antes de pasar ó cuarto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción contra a suba do Imposto de Bens Inmóbeis (IBI) decidida polo Goberno do Estado, presentada no rexistro do Concello con data do pasado día 12/01/2012.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como asunto urxente na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN CONTRA A SUBA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DECIDIDA POLO GOBERNO DO ESTADO.

O Sr. Soto resume brevemente o contido da moción de que se trata, que literalmente di:

“O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóbeis de Natureza Urbana (IBI).

Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI, que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013. E varía entre o 10%, 6% e 4%, en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011 (4%). Este incremento vai afectar gravemente aos concellos galegos, xa que son máis do 70% os concellos de Galiza que fixeron a súa última valoración catastral antes de 2002. En todos estes concellos, o incremento será do 10% do imposto e afectará á totalidade dos inmóbeis de uso residencial. Ademais haberá máis de 100 concellos nos que a suba suporá nos recibos do IBI un incremento do 50% en dous anos, xa que están aplicando o tipo mínimo fixado pola lei, e agora obrígaselles desde o Goberno Central a que o tipo non sexa inferior a 0,50 en 2012 e 0,60 en 2013.

A medida do goberno do PP no Estado vén botar por terra as previsións que adoptaron os concellos antes do 1 de xaneiro, en canto á actualización de taxas e impostos, que se fixeron tendo en conta a situación económica municipal e dos seus habitantes, que agora veñen a sufrir este ano e o próximo unha nova e forte suba de impostos, acumulándose o incremento aprobado polo Goberno Central aos incrementos aprobados por moitos concellos para 2012. Isto supón indubidabelmente un ataque frontal á autonomía local, por ser os concellos os que teñen a posibilidade de fixar os tipos impositivos do IBI, véndose abocados a un incremento que vai repercutir gravemente na economía das familias e constituíndo unha medida do PP desde o goberno do Estado que despreza a competencia municipal de poder utilizar os seus



mecanismos tributarios para xerar os ingresos necesarios para o correcto equilibrio das súas finanzas.

A medida adoptada polo goberno do Estado resulta, ademais de invasora das competencias locais, inoportuna e escapista das súas responsabilidades, porque escapa á necesidade dunha reforma urxente do financiamento local para incrementar a contía de participación nos ingresos do Estado (PIE) por parte dos concellos galegos, integrándoa plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza e aplicando criterios de reparto que teña en conta o maior custe dos servizos en Galiza, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento dos habitantes do noso país.

Pero, tamén, fronte a esta medida tan inxusta do Goberno Central, xunto co incremento da PIE e o recoñecemento de criterios específicos para Galiza, existe a alternativa de aumentar a capacidade financeira dos concellos coa cesión de novos tributos, dotar de maior eficacia á loita contra a fraude fiscal e por preservar que os concellos poidan decidir sobre os seus propios instrumentos tributarios para equilibrar os seus orzamentos, coa debida corresponsabilidade fiscal.

Diante desta grave medida que obriga a un incremento impositivo que prexudicará á cidadanía, cun grave impacto nas economías domésticas e que invade as competencias municipais, correspóndelle ao Goberno galego actuar para preservar a autonomía dos concellos galegos, e non optar polo silencio cómplice diante da inxusta imposición do Goberno Central.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Manifestar o rexeitamento ao incremento do tipo de gravame do IBI que figura no RDL 20/2011 por se tratar dunha medida absolutamente inxusta que invade as competencias dos concellos e obriga a unha política impositiva onerosa para as economías da cidadanía.
2. Instar ao Goberno Central á retirada do incremento do IBI fixado polo RDL 20/2011.
3. Solicitar do Presidente da Xunta de Galiza a:
 - a. Instar do Goberno do Estado á retirada do incremento do IBI fixado no RDL 20/2011.
 - b. Instar do Goberno do Estado a proceder a unha reforma urxente do financiamento local, de tal xeito que se incremente a contía de participación nos ingresos do Estado por parte dos concellos e dita participación se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Tendo en conta nos criterios de reparto o maior custe dos servizos no noso país, derivado da dispersión poboacional e do envellecemento da mesma.
 - c. Impulsar un Plan de Financiamento Local coa cesión de novos tributos e capacidade normativa sobre os mesmos, así como medidas para a mellora efectiva da loita contra a fraude fiscal.
4. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e portavocías dos grupos parlamentares do Parlamento galego."



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Toma a palabra o Sr. Márquez, para manifestar a súa coincidencia co prantexado nesta moción, por entender que pode ser preciso incrementar os impostos, pero non desta forma nin afectando por igual a tódolos contribuíntes.

O Sr. López Loureiro di que non ten estudiado detidamente o asunto, polo que o seu grupo se absterá na votación da moción de que se trata.

O Sr. Alcalde di que lle parece increíble esa toma de postura por parte do PP, que hai xa dúas semanas que se publicara este Decreto que supón un incumprimento claro das promesas electorais feitas pouco antes e envía unha mensaxe clara no sentido de pospoñer o debate sobre o necesario novo modelo de financiación local, ademáis de que xa se sabe neste momento que o incremento en San Sadurniño será dun dez por cen de incremento para 2012. O Sr. López Loureiro insiste en que o seu grupo se posicionará cando teña tempo de estudar detidamente o asunto.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

Toma a palabra seguidamente o Sr. Alcalde, para propoñer a inclusión doutro punto con carácter de urxencia na orde do Día da presente sesión: a toma de coñecemento da renuncia do concelleiro Xosé López Gudín, presentada no rexistro do Concello con data de onte, 13/01/2012.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como asunto urxente na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus once membros, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN DE RENUNCIA DUN CONCELEIRO E INICIO DO PROCEDEMENTO PARA A SÚA SUSTITUCIÓN.

Dase conta do escrito asinado polo concelleiro do grupo do BNG Xosé López Gudín, de renuncia á súa acta de concelleiro nesta corporación municipal, por motivos persoais, presentado no rexistro de documentos do Concello con data de onte, 13 de xaneiro.

A instancia da Alcaldía, o Sr. López Gudín toma a palabra para dicir que se trata do final dunha etapa, que lle corresponde pola súa idade e que neste momento hai un goberno asentado, formado por persoas de recoñecida capacidade, igual que quen o substituirá. Califica de agradable o tempo adicado á concellería, sobre todo polo contacto coa xente e a pesar das dificultades que xurden cando se goberna. Di que o traballo realizado foi intenso, que se produciron moitos cambios neste tempo e que segundo o seu criterio, o balance é positivo pese ós fallos que poideran existir. Defende o traballo dos políticos, neste tempo de desprestixio, como servidores da colectividade, reivindicando o orgullo de adicarse á política desde a proximidade cos veciños e sempre escoitándolles. Expresa o Sr. López Gudín o seu agradecemento a tódolos veciños, especialmente ós que lle criticaron abertamente cun



espírito constructivo, ós seus compañeiros e amigos do BNG, ós compañeiros todos da Corporación, especialmente o Sr. Márquez, quen formou parte do grupo de goberno na anterior lexislatura, e ós traballadores do Concello, especialmente ó persoal laboral, que foi con quen máis estreitamente colaborou. Remata pedindo disculpas polos seus posibles fallos ou omisións e lembrando que soamente deixa o cargo de concelleiro, pero que seguirá no pobo e a disposición de quen lle necesite.

O Sr. Alcalde toma a palabra para agradecer os servizos prestados polo Sr. López Gudín, de maneira desinteresada en favor de San Sadurniño. Di que lle coñece hai moitos anos e que foi el quen lle fixo a “faena” de metelo en política, que durante este tempo houbo momentos bos e outros difíciles e que en definitiva, ser Alcalde con Pepe como concelleiro é doado, que se trata dunha persoa paciente e sumamente ordeada, capaz de manter unha estupenda relación coa xente, e que se lle botará moito de menos. Sen embargo, todo o mundo ten dereito á súa vida e a persoa que lle substituirá sen dúbida contará coa súa axuda para a toma de contacto co cargo. Remata o Sr. Alcalde reiterando o seu agradecemento e o do Concello ó Sr. López Gudín.

Interven brevemente de seguido o Sr. López Loureiro, para expresar o agradecemento do seu grupo polo traballo realizado para o pobo polo Sr. López Gudín, a quen coñece ben pola súa común vinculación co asociacionismo deportivo no Concello.

O Sr. Márquez interven de seguido para recoñecer tamén o traballo feito polo Sr. López Gudín, a quen coñeceu en profundidade polo seu traballo no Concello, decindo que había moitas cousas por mellorar que pouco a pouco se foron facendo. Lamentando a súa marcha, deséxalle o mellor para a súa nova etapa, transmitíndolle o seu agradecemento.

O Sr. López Gudín fala de novo para agradecer as amables palabras que se lle adicaron, especialmente por vir dos representantes dos restantes grupos políticos da Corporación, e para destacar entre os destinatarios da súa gratitude á súa familia, que sempre estivo ó seu lado nestes anos de dedicación pública.

Finalmente, o Pleno do Concello acorda:

1º.- Tomar coñecemento da renuncia ó cargo de concelleiro deste Concello de San Sadurniño realizada por D. Xosé López Gudín.

2º.- Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que remita as credenciais de D^a María Carmen García Pérez, seguinte na lista das persoas que concorriron ás últimas eleccións municipais polo BNG, para que poda tomar posesión do seu cargo.

SEXTO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. López Loureiro pregunta pola autorización de funcionamento do local recentemente aberto pola cooperativa Maragota, respostándoselle polo Sr. Alcalde que a representante desa cooperativa presentou unha declaración de inicio da súa actividade, que é a de ludoteca e centro de ocio, e que tamén se presentou a documentación necesaria, fundamentalmente unha certificación técnica acreditativa da solidez e seguridade da edificación na que se empraza a actividade e do cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para o desenvolvemento desa actividade.




San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Tamén o Sr. Lopez Loureiro pregunta de seguido polo posible traslado da Garda Civil, que actualmente ocupa un local na planta baixa da Casa do Concello, ó municipio de As Somozas, no que parece que lle foi ofertado un posible novo emprazamento. O Sr. Alcalde resposta que non se trata dun asunto que se poida resolver polos concellos e que As Somozas non é o único municipio próximo que formulou ofrecementos deste tipo. O Sr. López Loureiro pregunta novamente se se vai facer á Garda Civil unha oferta similar á que se fixo a Correos para instalarse na planta baixa da parte nova do Pazo. O Sr. Alcalde di que o que non se vai facer é un cuartel novo, xa que non se trata dunha competencia municipal; comentarios sempre haberá, pero raramente teñen un mínimo de fiabilidade, e non parece moi probable que no presente momento se prantexen traslados que poderían incrementar custes como os de desprazamentos para a Garda Civil. En canto ó tema de Correos, se fixo un ofrecemento que aínda está en fase de negociación.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e seis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

